

ORDENANZA DE PLANTACIÓNS ARBÓREAS

Artigo 1 .- De conformidade co establecido no artigo 591 do Código Civil e Decreto 2661/1967, de 19 de Outubro, e de acordo cos artigos 25,28 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establécese unha ordenanza de carácter non fiscal reguladora das distancias entre plantacións forestais e as vivendas, camiños municipais, praderías e todo tipo de cultivos.

Artigo 2.- Con carácter xeral as plantacións forestais situaranse ás distancias mínimas que se relacionan:

A) A Vivendas e edificacións

- Eucaliptos, coníferas, chopos e olmos 100 m.
- Frondosas 50 m.
- Frutais que non conformen plantacións 2 m.

B) A camiños, pistas e estradas locais.

- Eucaliptos, coníferas, chopos e olmos 5 m.
- Frondosa 2 m.
- Frutais que non conformen plantacións 2 m.

C) A edificacións non destinadas a vivendas, pradeiras e todo tipo de cultivos

- Eucaliptos e chopos 10 m.
- Piñeiros e todo tipo de coníferas, carballos, castiñeiros, e outras frondosas 5 m.
- Frutais 2m.
- Arbustos ou árbores baixos 0,50 m,

Artigo 3 .- Dada a importancia do cumprimento da presente ordenanza para o desenvolvemento da riqueza forestal, agrícola, gandeira, medioambiental e paisaxística do noso Concello, establécese para os infractores que contraveñan a mesma as seguintes sancións:

- a) Por non respectar as distancias mínimas establecidas: 60,10 €
- b) Por omisión de solicitar autorización pasa transporte e depósito de madeira: 30,05 €.

Artigo 4.- Necesidade de autorización para o transporte de madeira.

Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal, será necesario solicitar autorización para o transporte de madeira procedente da tala que se realice nas plantacións existentes neste Municipio; na solicitude especificarase a situación da finca onde se vai a sacar a madeira cortada, os camiños ou vías públicas por onde se realizará o transporte, as características dos vehículos utilizados, así como os días previstos para o devandito transporte, xuntando fotocopia do permiso de corta da administración forestal, cando este sexa necesario. A autorización municipal para o transporte será obrigatoria e gratuíta. Sen embargo, deberá o maderista ingresar na Tesourería Municipal un aval na contía que se sinale polo técnico municipal, para responder aos posibles danos e prexuízos na rede viaria.

Artigo 5.- Execución por incumprimento.

Si fose preciso, ante reiterados incumprimentos e sen prexuízo da adopción doutras medidas oportunas e exercicio das accións legais correspondentes, procederase á execución subsidiaria, segundo o establecido na lexislación do procedemento administrativo.

Artigo 6.- A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación íntegra no B.O.P de Lugo, sendo de aplicación a partir dese mesmo día ata a súa derogación ou modificación expresa.